

novos pioneiros da educación, no que se contan moi destacadas personalidades no campo dos educadores.

Gonçalves de Lima consegue construír unha ben disposta monografía, con bo texto, e adubada de pertinentes acompañamentos fotográficos. Unha adecuada manifestación do modo de facer historiográfico.

Antón COSTA RICO
USC

VÁZQUEZ RECIO, R. (2013), *La dirección de Centros: Gestión, ética y política*, Morata, Madrid, 126 pp.

Rosa Vázquez, unha das maiores coñecedoras das luces e sombras da dirección educativa en España, desentraña nesta obra, de xeito revelador e crítico, certos aspectos que interveñen no labor directivo, derrubando presupostos fundamentalmente arraigados e ata o de agora non cuestionados, coa mestría que só posúe quen foi testemuña da acción directiva dende dentro.

Aínda que é un traballo breve en aparencia, non se trata dunha obra divulgativa para masas, senón que ten que ser lida con detemento e sosego, pois a rigorosidade coa que está escrita solicita un público familiarizado coa materia. Ás veces achega demasiadas cifras nun intento de avalar as súas afirmacións con datos estatísticos, podendo dificultar este rigor unha lectura fúida; mentres que noutros casos, bótase en falta a utilización dalgunha fonte bibliográfica complementaria dos últimos tempos. Pero o certo é que é unha obra que non pretende mostrar a cara amable da dirección, senón expoñer as dificultades e os desafíos cambiantes ós

que se ten que afrontar nos nosos días; así mesmo, nas súas páxinas subxace un pouso de denuncia que manifesta que á organización educativa non se lle poden aplicar os intereses de mercado que se lles atribúen ás organizacións empresariais e industriais, aínda que esta ideoloxía siga penetrando de xeito subrepticio no panorama educativo a través do discurso político. En definitiva, é unha obra que non deixa indiferente ó lector, senón que o conduce a un proceso de reflexión permanente.

Está estruturada en sete capítulos, destinando o primeiro deles a mostrar como a dirección escolar sempre estivo exposta ó devir da historia de cada país, ós criterios de teóricos e lexisladores e mesmo das políticas educativas internacionais, evidenciándonos que o papel que ten que asumir neste momento en que as súas responsabilidades se ven incrementadas é titánico: a ela encoméndanselle, entre outras cousas, a mellora dos centros educativos, a procura da calidade, a obtención de bos resultados e a capacidade de liderado. Do mesmo xeito, ó tempo que se demanda a participación activa de toda a comunidade educativa na institución escolar, é á dirección a quen se lle atribúen os avances e contratempos que poida sufrir, converténdose nunha especie de chibo expiatorio que encobre os responsables últimos desta conxuntura na que se atopa e que a autora define como «inestable e indefinida» (p. 18).

No seguinte capítulo, advirte sobre o risco de racionalizar a dirección escolar no sentido de outorgarlle unhas solucións prefabricadas de antemán pola investigación científica, cuxo principal obxectivo é a procura da máxima eficacia;

aínda que estas resulten alleas á realidade de cada organización educativa, quedando relegado o director ou directora a un xestor educativo. Este discurso alienado da procura da calidade e da rendibilidade non fai máis que potenciar as diferenzas en materia de educación, perseguíndose os mellores resultados académicos a costa dos valores éticos e educativos.

O terceiro capítulo é o máis extenso e nel abórdanse múltiples aspectos, entre os que se salientan a investigación en materia de dirección, a formación e a profesionalización directiva, e a ética na dirección escolar. A propósito da primeira dimensión diremos que Vázquez Recio considera que o feito de que se investiguen certos aspectos da dirección e non outros, tamén obedece a intereses políticos emparentados coas reformas educativas; por poñer un exemplo, a investigación sobre xénero e dirección foi unha das grandes esquecidas xa que a súa repercusión na calidade dos centros non sería tan notable, por non falar da visión masculinizada coa que se veu tratando. Outro dos inconvenientes que xorde na investigación da dirección é que os teóricos non se introducen na realidade dos centros; senón que se preocupan basicamente de enriquecer o seu currículo, co cal dificilmente se poden facer achegas que melloren o quefacer directivo e o salvagarden dos embates estadistas. A isto hai que engadir a fenda entre os intereses e necesidades de quen investiga e os investigados (directores e directoras), ós que non se lles pide opinión; pero que serán a fin de contas os que teñan que aplicar as directrices resultantes das indagacións. No que concirne á profesionalización e formación directiva, diremos que o que

se pretende é transmitirles ós directores e directoras unhas pautas que lles permitan resolver as actividades arduas que se lles presenten e desenvolver unha dirección eficaz en aras da calidade educativa. É precisamente este intenso interese na preparación dos directores o que provoca unha desvinculación do resto da comunidade educativa, coa conseguinte división de funcións no seo da organización escolar que, como ben indica a autora, marca as diferenzas entre os profesionais da dirección e os profesionais da ensinanza.

Tamén recibe unha mención especial a ética, tema non moi tratado no noso panorama nacional entre outras cousas porque é incompatible co discurso da racionalización da dirección; pero é indispensable a súa presenza exercida con seriedade en toda acción directiva, xa que continuamente se teñen que estar tomando decisións e moitas delas raiando o límite da normativa.

O capítulo cuarto ocúpase das competencias polo crecente interese que teñen na acción directiva, pois considérase que o dominio destas conducirá á excelencia da dirección; pero a autora cuestiona ata que punto non terían que ser dominio tamén do resto do profesorado e máis cando nos nosos días se preconiza un liderado compartido. E a esta última cuestión se dedica o capítulo quinto, comezando por establecer a diferenciación conceptual entre dirección e liderado, concepto por outra parte extrapolado do mundo empresarial, para pasar a continuación a tratalo dun xeito pormenorizado pola importancia que se lle atribúe na súa achega á calidade da educación. Nesta altura, a autora salienta

unha importante contradición segundo a cal, avógase por un liderado distribuído e pedagóxico; pero dende o *modus operandi* dun directivo de empresa. Ademais, de ser en verdade un liderado compartido, requiriría a participación real de toda a comunidade educativa, sen centrarse exclusivamente na figura do director ou directora, o cal é moi difícil que aconteza, xa que o liderado se sustenta sobre unha rede de influencia informal que recae normalmente na dirección e como dixemos anteriormente, este é un factor que tende a crear división entre esta e o profesorado.

No capítulo sexto, a autora céntrase en cuestións tan novidosas como son os aspectos emocionais e que non foron abordadas con frecuencia cando se fala da dirección; a pesar da relevancia indiscutible que cumpren en toda acción directiva. Rosa Vázquez céntrase nomeadamente en dous deles, a soidade da dirección e a confianza. O primeiro alude á autorreflexión particular que require este cargo; pero tamén á falta de apoio por parte da comunidade creando un illamento en torno á figura directiva. Pola súa parte, a confianza, baluarte fundamental do labor directivo, pode verse socavada polas intrigas existentes en torno ó mesmo. Con isto a autora pretende evidenciar que de nada serven o liderado, as competencias, a profesionalización e a formación do director, se non se atenden tamén a parte humana e as relacións que se establecen no marco da organización escolar.

No derradeiro capítulo, que se caracteriza por ser o máis breve, pero á súa vez o máis logrado e ilustrativo, a autora presenta dez consideracións que parten dun principio básico consonte o cal, a dirección escolar ha de ser efectuada dende parámetros intrinsecamente educativos,

ha de ser entendida como un compromiso asumido por todos e todas e fundamentado no intercambio mutuo de coñecementos e experiencias. Do mesmo xeito, o centro neuráxico será compartido pola dirección e o colectivo educativo, feito que fomentará o sentido de pertenza á institución e por último, pero non menos importante, sempre se ha de ter en consideración a especificidade de cada centro.

Aquí só se inclúe un pequeno adianto das achegas que realiza Rosa Vázquez; de xeito que é preciso proceder á lectura desta obra para comprender o alcance das súas contribucións na súa plenitude.

Noelia PÉREZ VARELA



SÁNCHEZ DE MADARIAGA, E. (Ed.) (2012). *Las maestras de la República*. Madrid: Catarata.

Las maestras de la República constitúe un fermoso relato arredor das vidas e condutas profesionais daquel sector do